



XXVII TRAVESÍA A NADO “PRAIA DE COROSO”

“MEMORIAL JESUS E VICENTE”

REGULAMENTO

1. Organiza:

Club Natación Ribeira

Colabora: Concello de Ribeira

2. Lugar, data e hora:

Lugar : Ribeira (Praia de Coroso).

Data: Luns 15 de agosto de 2022

Hora : 11:00 horas.

Entrega de Premios : 13:30 horas.

3. Categorias e distancias:

Categoría	Masculina e Feminina	Distancia
A	Nados 2011 e posteriores	400 m
B	Nados 2008 e 2010	1250 m
C	Nados 2006 e 2007	1250 m
D	Popular nados 2003 e anteriores	1250 m
E	Máster 1 nados 2002 a 1988	2500 m
F	Máster 2 nados 1987 a 1973	2500 m
G	Máster 3 nados 1972 a 1958	2500 m
H	Máster 4 nados 1957 e anteriores	2500 m
I	Absoluta 2008 e anteriores licencia federativa	2500 m



4. Percorridos:

O percorrido das categorías B, C, D, será de 1 volta o círculo, para as categorías E, F, G, H, I será de 2 voltas o círculo, para a categoría A (400 metros) será a 1 volta entre dúas balizas facendo un triángulo. Ver anexo I.

Os horarios de saídas aproximadas serán os seguintes:

Saída das categorías B, C, D (1250 metros): 11:00 horas.

Saída das categorías E, F, G, H, I (2500 metros): 11:45 horas.

Saída da categoría A (400 metros): 12:45 horas.

A proba estará incluída dentro do XVIII Circuito Galego de Augas Abertas

5. Regulamento da proba e de traxes de baño:

A proba rexeráse pola Normativa FINA de Augas Abertas, pola Normativa de Competición de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

A proba estará controlada polo comité de Árbitros da Federación Galega de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da mesma.

** Para as competicións en Augas Abertas cunha temperatura de auga desde 20 °C os traxes de baño tanto para homes coma mulleres non poderán cubrir o colo, nin se estenderá máis alá dos ombros, nin por debaixo dos nocellos. Neste caso coas condicións especificadas os traxes de baño para competicións de Augas Abertas deberán ser feitos cos mesmos requisitos aplicables aos traxes de baño usados en piscinas. A partir do 1 de xaneiro de 2017 para as competicións de Augas Abertas con unha temperatura da auga por debaixo de 20 °C, homes e mulleres poderán utilizar traxes de baño téxtiles ou térmicos (wetsuits). Cando a temperatura da auga sexa inferior a 18 °C, o uso de traxes de baño térmicos é obrigatorio. No que se refire a esta normativa, os «wetsuits» son traxes de baño feitos de materiais que proporciona illamento térmico. Estes traxes de baño para homes e mulleres cubrirán completamente o peito, costas, ombros e xeonllos. Non se estenderán máis alá do colo, os pulsos e os nocellos. Estas normas serán tamén de aplicación nas competicións máster de Augas Abertas.

Dita normativa será de rigorosa aplicación, a efectos de puntuación do XVIII Circuito Galego de Augas Abertas, para os nadadores que estén inscritos en dita competición. Proba 2500m.

Os nadadores das probas de 2500m que non desexen puntuar no Circuito Galego de Augas Abertas e todos os que participen nas probas de 1250m, 400m, poderán nadar sen neopreno, no caso de que a temperatura da auga, sexa inferior a 18°, optando a premios en todas as distancias.

Así mesmo os nadadores que o consideren poderán participar en todas as probas con neopreno con independencia da temperatura da auga, clasificando, pero sen optar a premios, nin a puntuación do Circuito Galego.



6. Inscripcións :

CATEGORÍAS	ATA 01 DE AGOSTO	DO 02 ATA O 13 DE AGOSTO
A (400 METROS)	6 EUROS	8 EUROS
RESTO CATEGORÍAS	20 EUROS	25 EUROS

A devolución do chip+portachip é obrigatoria. Cada chip+portachip non devolto ten un custo de 15 euros. As inscricións poden facerse a partir do xoves 30 de xuño de 2022 e ata o sabado 13 de agosto de 2022 as 23:59 na páxina web de www.galitiming.com

A inscrición inclúe:

- Cronometraxe por chip.
- Seguro de accidentes para cada participante.
- Agasallo conmemorativo do evento.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Avituallamento post competición.



7. Premios:

CATEGORÍA A: Trofeo ós tres primeiros clasificados masculino e feminino; e medallas a todos os que rematen a proba.

CATEGORÍA B, C, D, E, F, H, I: Trofeo ós tres primeiros clasificados masculino e feminino.

CATEGORÍA I ABSOLUTA (proba 2500 metros): Trofeo e premio en metálico masculino e feminino ó:

1º Clasificado: 200 euros.

2º Clasificado: 150 euros.

3º Clasificado: 75 euros.

Trofeo ó nadador de máis idade e ó nadador de menos idade.

8. Seguridade :

Durante todo o percorrido da proba contarase coa colaboración de protección civil, lanchas xuíces e socorristas.

9. Final:

A inscrición supón a conformidade do presente regulamento.



ANEXO I

